

Executive Secretary of The European Committee of Social Rights
Department of the European Social Charter
Directorate General of Human Rights and Rule of Law
Council of Europe
F-67075 Strasbourg Cedex
social.charter@coe.int

Dear President of the European Committee of Social Rights (ECSR),
Dear ECSR Members,
Dear Executive Secretary to the ECSR,

ESCRITO DE PETICIÓN DE TRASLADO DE INFORMACIÓN PROCESUAL Á PARTE SINDICAL RECLAMANTE EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN COLECTIVA Nº 231/2023, CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) V. SPAIN, ADEMAIS DE GARANTIR UN PROCEDEMENTO QUE GARANTA O DEREITO Á TUTELA XUDICIAL EFECTIVA (CONTRADICIÓN, TRANSPARENCIA E EQUIDADE)

A Confederación Intersindical Galega (en diante, CIG), primeira forza sindical da Comunidade Autónoma de Galicia (España), e sindicato que ostenta a condición de sindicato máis representativo conforme a lexislación constitucional do Estado español, tivo coñecemento, polos medios de comunicación e polas actuacións que se están a realizar no Congreso dos Deputados, de que o Estado español presentou unha solicitude de recusación contra unha membro do Comité Europeo de Dereitos (en diante, CEDS).

O documento indica que sexa apartada de tres reclamacións colectivas “*as well as in all future cases with a similar object*”.

Este sindicato, mediante o presente escrito, en primeiro lugar, condena a actuación do Estado español, sen precedentes, por pór en risco e grave perigo, como publicamente declarou a Confederación Europea de Sindicatos por escrito o 13 de marzo de 2024, o mandato, composición, responsabilidades e métodos de traballo do CEDS, ademais de representar unha inxerencia no procedemento de supervisión.

En segundo lugar, en virtude da petición, contraria a dereito en todos os sentidos, de entre os que destaca a súa afectación xeral a todos os asuntos “futuros” e “similares” nos que España sexa a parte demandada, quere facer constar ao CEDS a súa preocupación e perplexidade sobre o desenvolvemento desa solicitude do Estado, requiríndolle o seguinte:

1º. Esta parte procesual reclamante debería ser informada desa actuación do Estado español, na medida en que está afectada a súa reclamación colectiva por esa solicitude. Calquera reclamación está incluída no termo de “similar”, moito máis a presentada por este sindicato, dado que o seu obxecto, o salario mínimo interprofesional, é o elemento chave no cálculo da indemnización por despedimento e no aboamento dos salarios de tramitación (dúas das materias das reclamacións colectivas nº 207/2022 e nº 218/2022, expresamente mencionadas no documento do Estado español). Por tanto, o nexo é irrefutable. Pero é que aínda que non o existise, o contido da petición é unha “exemplar mostra” dunha afectación a todos os procedementos nos que o Estado español é Parte.

A inexistencia de ningunha comunicación dese aspecto vulnera os principios xurídicos de equidade procesual das Partes, transparencia e contradición que deben rexer todos os procedementos, entre os que se inclúe o de reclamacións colectivas e que a súa propia normativa reguladora e a xurisprudencia do CEDS así o determinan.

2º. Esta opacidade non só foi apreciada por este sindicato senón por outros. O escrito da Confederación Europea de Sindicatos indica que un dos sindicatos afectados por esa solicitude de recusación (UGT) foi debidamente informado directamente polo CEDS, en resposta a unha solicitude na que denunciaba a ocultación existente sobre esta solicitude. Ese sindicato informou en xaneiro de 2024 que tivera coñecemento da solicitude de recusación por un dos representantes do Estado español, no marco dunha reunión negociadora do salario mínimo interprofesional (precisamente o obxecto da nosa reclamación colectiva) e doutros aspectos relativos ás condicións laborais (Mesa de diálogo social), da que este sindicato é excluído ilexítimamente.

Isto leva consigo a inaceptable realidade de que o Comité, non só non informou e segue sen informar a « todos» os implicados, senón que, desde hai unhas semanas, ademais, está a privilexiar, ou dito nos mesmos termos discriminando, uns sindicatos fronte a outro respecto da solicitude da recusación, que forma parte de do procedemento , vulnerando a Carta Social Europea revisada e os artigos 1 e 2 do Procedemento de Reclamacións colectivas (STTK ry e et Tehy ry contra Finlandia, reclamación nº 10/2000, decisión sobre a admisibilidade do 12 de febreiro de 2001).

Este sindicato lembra ao CEDS que, ademais de Parte dunha das reclamacións, ten incontestablemente a condición de representativo, segundo a xurisprudencia adoptada polo CEDS (Confédération Française de l'Encadrement (CFE-CGC) contra Francia, reclamación nº 9/2000, decisión sobre a admisibilidade do 6 de

novembro de 2000, *Bedriftsforbundet contra Noruega*, reclamación nº 103/2013, decisión sobre a admisibilidade de 14 de maio de 2014).

OT EDH estableceu unha xurisprudencia na que lembra o lugar destacado que ocupa o dereito a un proceso equitativo nunha sociedade democrática (*Airey c. Irlanda*, parágrafo 24; *Stanev c. Bulgaria* [GS], parágrafo 231). Esta garantía «é un dos principios de calquera sociedade democrática no sentido do Convenio» (*Pretto e outros c. Italia*, parágrafo 21), que o CEDS debe preservar. É inustificable unha interpretación restritiva das garantías do artigo 6 parágrafo 1 (*Moreira de Azevedo c. Portugal*, parágrafo 66). A exixencia de equidade débese aplicar á totalidade do procedemento (*Refinarías gregas Stran e Stratis Andreadis c. Grecia*, parágrafo 49). As condicións dun proceso equitativo son universais e deben ser respectadas no sentido do Convenio Europeo de Dereitos Humanos (en diante, CEDH) (*Dombo Beheer B.V. c. Países Baixos*, parágrafo 33 in fine).

Da mesma maneira, non se están observando os requirimentos dunha instrución transparente e contraditoria e en igualdade de condicións. O concepto de xuízo (procedemento) equitativo inclúe o dereito fundamental a un xuízo (procedemento) contraditorio. Está estreitamente vinculado ao principio de igualdade de armas (*Regner c. República Checa* [GC], 2017, § 146). O dereito a un proceso contraditorio implica que as partes nun procedemento teñen dereito a coñecer, examinar e discutir calquera documento ou observación presentados ao xuíz (órgano), co fin de influír na decisión do xuíz (*Kress c. Francia* [GC], 2001, § 74 ; *Ruiz-Mateos c. España*, 1993, § 63 ; *McMichael c. Reino Unido*, 1995, § 80 ; *Vermeulen c. Bélxica*, 1996, § 33 ; *Lobo Machado c. Portugal*, 1996, § 31). A solicitude do Estado español e o seu contido é outra “exemplar proba” dunha actuación *contra legem* que, como Parte no procedemento e a súa directa incidencia, o sindicato debe coñecer por si inherente incidencia no desenvolvemento do procedemento en canto ao órgano decisorio.

Isto tradúcese nunha clara situación de indefensión deste sindicato, de incumprimento do dereito á tutela xudicial efectiva que garante o art. 6 do CEDH, en relación co art. 14 do mesmo tratado, privilexiando ao Estado español, irrazoable e subxectivamente.

Por riba, o Estado español non respondeu en sede parlamentaria e, mesmo, está a impedir o acceso á información sobre a solicitude de recusación. O TEDH determinou que se o Estado demandado impediu, sen un motivo lexítimo, que os demandantes teñan acceso aos documentos que están no seu poder (e deste órgano), ou negou falsamente a existencia destes documentos, é unha privación dun proceso equitativo, contrario ao artigo 6 parágrafo 1 (*McGinley e Egan c. Reino Unido*, parágrafos 86 e 90).

Todas elas non se corresponden cos requirimentos, en virtude da normativa reguladora específica sobre o procedemento e a universal, do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que debe observar o CEDS.

A ausencia de notificacións oficiais, no proceso da nosa reclamación colectiva, sobre este tipo de actuacións procesuais da parte demandada (Estado español), pretende inducir cambios non transparentes na composición do CEDS, sen coñecemento do demandante, é unha quebra radical dos principios que están protexidos polo dereito a unha tutela xudicial efectiva sen indefensión, pública, transparente, xusta e igualitaria. Segundo unha consolidada xurisprudencia do TEDH, que é aplicable *mutatis mutandis* ao actuar xurídico-procesual do CEDS, como órgano de garantías xurídicas que é, sexa o principio de contradición sexa o da prohibición de sorprenden a boa fe procesual dunha das partes, están protexidos polo art. 6 do CEDH (STEDH do 17 de xaneiro de 1970, asunto Imbrioscia c. Suíza, nº 2689/88, apartado 37; STEDH do 16 de outubro de 2001, asunto Brennan c. Reino Unido, nº 39846/1998, apartado 45). Este dereito humano fundamental é reitor de todo proceso xurídico baixo o Estado de Dereito reconece e garante o dereito a un proceso xusto e equitativo.

Esta parte non pode estar a ter coñecemento polos medios de comunicación, en sede parlamentaria ou polas actuacións nacionais e/ou europeas que outras organizacións estean a realizar de asuntos que afectan á súa reclamación. A desigualdade e vulneración de dereitos procesuais é manifesta, traducíndose nun auténtico prexuízo e inseguridade xurídica desta parte reclamante, coa consecuente perda de confianza nas institucións e procedementos, fronte a unha manobra da parte demandada que evidencia unha actuación antixurídica, da que non ten coñecemento oficial, téndose presentado o 16 de novembro de 2023, e que está a ser ocultada polo CEDS,

A enorme transcendencia adquirida por este asunto en España e en Europa, tanto no plano das institucións como na sociedade, tras a difusión da nova polos interlocutores sociais que tiveron “o privilexio” de coñecela, dota a este asunto dun especial relevo para a defensa do principio democrático e para a seguridade xurídica sobre os dereitos sociais ante o CEDS e en garantía da Constitución Social de Europa.

O TEDH resolveu que viola o dereito á igualdade de armas se unha parte goza de vantaxes significativas no acceso á información relevante, ocupa unha posición dominante no procedemento e exerce unha influencia significativa sobre a valoración final que se debe realizar (Yvon c. Francia, 2003, § 37).

Ás razóns de índole procesual que asisten a este sindicato reclamante, protexidas por principios xurídicos de civilización universal e dereitos humanos, como a tutela xudicial efectiva sen indefensión, contradición e con igualdade de armas (arts. 6 e 14 CEDH).

En terceiro lugar, en liña co argumentado, non existindo un procedemento regulado sobre as solicitudes de recusacións, pero si o dereito que recolle o art. 7.3 do Protocolo adicional de reclamacións colectivas, de presentar informacións ou observacións escritas no prazo que determine o Comité, solicita que, ademais da

comunicación oficial, se lle comunique o prazo que ten para presentar a súa observación á solicitude do Estado español en virtude do dereito garantido no art. 6 do CEDH. Nos procedementos, as partes teñen dereito a presentar as observacións que estimen pertinentes para o seu caso. Este dereito só é efectivo se as demandas e as observacións a incidencias que xurdan durante o procedemento son realmente «escoitadas», é dicir, debidamente examinadas polo tribunal ou organismo ao que recorran. A que orixina este escrito é o suficientemente relevante, por non dicir clave, como para fundamentar unha actuación pola entidade reclamante.

Unha adecuada participación das Partes no procedemento exige que o tribunal/órgano lle proporcione regularmente todos documentos que ten á súa disposición, máis cando afectan directamente á composición do órgano, a instrución e a resolución do asunto (Kerojärvi c. Finlande, 1995, § 42) e ademais ter a oportunidade de se familiarizar cos documentos en cuestión, comentalos de forma adecuada e dispor de tempo suficiente para redactar as súas alegacións (Krčmář et autres c. República Checa, 2000, § 42 ; Immeubles Groupe Kossier c. Francia, 2002, § 26, Yvon c. France, 2003, § 39).

Quedamos á espera da súa resposta.

Atentamente

En Santiago de Compostela, a 19 de marzo de 2024



Fdo. Paulo S. Carril Vázquez

Secretario Xeral da CIG